



¿ QUEN MANCOU O MILLO AQUÍ ?

Xosé Vázquez Pintor

Andou o xabarán de paso e fames polas veigas de Morrazo, cando a noite agocha. Leva consigo a inocencia do instinto e vai fozando a terra, crebando as canas, metendo o dente no millo corvo de Meiro. E se non hai pecado e todo se perdoa cando a fame pode, arestora - outono noviño do 2002 - a paisaxe estragada dos maízos pide palabras de aviso para o porco bravo

é que existe a presunción da inocencia, ata que o macho ronque ou apareza só para se acusar, vindo pola Albaria, no Cabanouro, nas Curtiñas, no Quiñón ou no Xestoso...E beba logo moito e ben no Río do Frade ou no Canudo, ata penar as arrou-tadas e o desleixo na Pedra da Cuita, coma os namorados penan de Amor. Velaí o xabarán pagando en soedade todo o millo corvo que venceu



que baixa da curota de Hermelo sen licencia, ousado e brutallán, coma o señor de outrora rompía as leises e os valados para se valer de vez nas casas do soño e do traballo. Acaso non foi adrede a súa intención. Acaso os fillos se desmandaran dos seus pais e pintaran as da cana verde coma un xogo ruín sobre o lenzo da terra asucada. Acaso un macho ciumento e desamado polo harén foi levando a furia e a ira aldea abaixo, monte arriba, dando forza ao fuciño e ao dente, cando o que tiña que dar era a cara e mover o cu para que as femias atenderan que aínda el era aquel don Eu. Non se sabe nunca a senrazón, porque a noite garda e cala, non aparecen as imaxes no rexistro dos ollos automáticos das estrelas, tan altas e tan lonxe. Por iso

naquela noite de furanchos. Abonda xa de culpalo máis e perseguido cos balotes e as forquitas, cos dous cans palleiros e os dous mil de raza que lle ladran a guerra coma bush, o tal. Deixádeo: macho xabarán quer pagar todos os estragos e poida que na Pedra Alta das liñaxes se entregue de vez. E teñades o seu corpo e alma rotos sobor do verde-llo, disposto para a venda da exclusiva, e a cabeza enorme coas navallas abertas, esas que mandan e brillan, as que pelexan, as que se afian nos toros dos carballos: armas brancas que un non ten. Levádeo convosco para o museo do bar, que beba e que cante, que ulisque o noso millo azul, coma paxaro corvo. Dádelle, meus amigos, unha robada de pan.